



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA E DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN, DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2026 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G). MODALIDADE DO CONTRATO DE TRABALLO: CONTRATO LABORAL TEMPORAL PARA MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL.

Polo presente faise público que pola Resolución da Alcaldía 321/2026, do 28/05/2026, se convocou o procedemento de selección para a contratación de TRES (3) persoas desempregadas, categoría laboral de peón forestal, polo procedemento de oposición e se aprobaron as correspondentes bases, sendo estas últimas as que figuran a continuación.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN, DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2026 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G). MODALIDADE DO CONTRATO DE TRABALLO: CONTRATO LABORAL TEMPORAL PARA MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a selección e posterior contratación de TRES (3) traballadores/as desempregados/as, categoría laboral de peón forestal, grupo de cotización á Seguridade Social 10, realizándose a devandita contratación e formalización do contrato baixo a modalidade de “*contrato laboral temporal para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral*”, ao abeiro da disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego.

A duración dos contrato será de nove (9) meses e as tarefas a desenvolver serán as previstas no programa MALPICA FORESTAL 2026.

2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN E NORMATIVA POLA QUE SE REXERÁ

Dadas as características das funcións a realizar e a natureza temporal da contratación prevista adóptase o sistema de oposición.

O proceso selectivo rexerese en todo o non previsto nestas bases polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto de Traballadores, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

Por outra banda, resultarán de aplicación neste proceso selectivo as previsións contidas na Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 24, do 5 de febreiro de 2026, especialmente os artigos 14 (requisitos e criterios para a selección dos traballadores e traballadoras) e artigo 15 (contratación dos traballadores e traballadoras).

3ª.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN

Modalidade do contrato de traballo: contrato laboral temporal para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Xornada: a tempo completo (xornada 100 %)

Duración: nove (9) meses dende a formalización do contrato.

Retribución: Que os salarios de referencia son os establecidos no Convenio colectivo para o sector de actividades forestais, convenio rexistrado e publicado por Resolución de 27 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Traballo (BOE Nº 165, de 11/07/2019) e o disposto no Real Decreto 126/2026, do 18 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2026 (BOE núm. 44, do 19/02/2026), establecéndose un salario bruto mensual de 1.424,50 euros/mes (desglosado en salario mensual: 1.221,00 € e prorrata da paga extraordinaria 203,50 €).

4ª.- PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/opencms/gl/informacion/>), igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a todos/as aqueles que o soliciten.

As entidades beneficiarias da subvencións reguladas polas ordes anteriormente referidas, están obrigadas a solicitar os traballadores/as a través de ofertas xenéricas presentadas no Servizo de Emprego Público.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/opencms/gl/informacion/>), medio exclusivo de



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

5ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes da Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en adiante TREBEP e aqueles establecidos pola **Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G)** da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 24, do 5 de febreiro de 2026, especialmente os **artigos 14 (requisitos e criterios para a selección dos traballadores e traballadoras) e artigo 15 (contratación dos traballadores e traballadoras).**

Requisitos (ademais dos sinalados nos art. 14 e 15 da Orde do 22/01/2026):

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas
- f) Estar inscrito como demandante de emprego nas Oficinas do Servizo Galego de Colocación. Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Galego de Colocación. Estarase ao disposto no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 24, do 05/02/2026). Sólo se admitirán os candidatos/as remitidos/as na pre-selección remitida polo Servizo Galego de Colocación.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes con referencia ao último día do prazo de presentación de documentación indicado nas bases e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A documentación a que se refiren as Bases poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante, conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello de Malpica de Bergantiños, poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

6ª.- CANDIDATOS/AS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello presentará unha oferta de emprego na correspondente oficina Servizo Galego de Colocación, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir estes traballadores, non podendo incluír elementos que sirvan de base para calquera discriminación.

Coa documentación remitida polo Servizo Galego de Colocación, entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

CANDIDATOS/AS

Unha vez que o Servizo Galego de Colocación remita ao concello a listaxe de candidatos preseleccionados por ese organismo, se procederá a facer pública esta listaxe mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Os aspirantes remitidos/preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación, disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios electrónico para presentar reclamacións, alegacións ou subsanar defectos.

Rematado o prazo de alegacións, reclamacións e/ou subsanacións, a Alcaldía ditará resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/reclamacións/emendas presentadas, aprobando a listaxe definitiva. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Na mesma resolución definitiva incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o lugar e data de realización da primeira proba do proceso selectivo.

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da proba de oposición e a realización da mesma.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

1.- Na Resolución da Alcaldía de aprobación da listaxe definitiva, determinarase nominativamente a composición do Tribunal Cualificador, titulares e suplentes.

2.- O Tribunal Cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.2 c) e d) e art. 60 da do TREBEP, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, estando integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía (titulares e suplentes).

Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

Os membros do Tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os membros do tribunal absteranse de intervir, notificándollo a alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Non poden ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario, titular ou suplente.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Sempre que así o acorde o tribunal no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes este acto poderase realizar/celebrar coa soa presenza de polo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o/a secretario/a.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

A selección dos aspirantes realizarase mediante o sistema de **oposición** libre que se desenvolverá como segue:

Os aspirantes serán convocados para o exercicio da oposición (proba práctica) chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

discrecionalmente polo tribunal. O chamamento para o inicio das probas realizarase por orde alfabético do primeiro apelido de cada un dos aspirantes.

Os aspirantes deberán presentarse para o exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Comezada a práctica do exercicio, os membros do tribunal poderán requiririlles en calquera momento aos/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

De ser necesaria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase alfabeticamente por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola **letra "M"**, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16 de data 26 de xaneiro de 2026). De non contar con persoas aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Proba práctica:

De carácter obrigatorio e eliminatorio consistente nunha simulación de traballo, tal como: manexo de maquinaria, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, sinalización de obras ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto.

Esta proba será determinada polo tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización, debendo ser executada no tempo e forma que o Tribunal determine. Nesta proba práctica se valorará a calidade e rapidez da execución das tarefas así como aqueles outros aspecto que determine o tribunal.

A proba terá unha duración de entre 3 a 10 minutos.

Puntuarase a mesma **ata un máximo de 10,00 puntos**. Para superar o exercicio os aspirantes deberán de obter unha puntuación igual ou superior a 5,00 puntos.

DESEMPATE

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as o mesmo resolverase por sorteo.

9ª.- RELACIÓN INICIAL DE SELECCIONADOS, RESERVAS E EXAME MÉDICO.

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará e elevará á Alcaldía unha relación de aspirante/s seleccionado/s inicialmente que corresponderá aos/as TRES primeiros/as aspirantes da listaxe ordenada por puntuacións finais (puntuación da proba práctica). Dita relación se fará pública no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Así mesmo, o Tribunal elevará a correspondente listaxe por orde decrecente de puntuacións finais do/s aspirante/s que supere/n inicialmente o proceso selectivo pero que non acaden as TRES maiores puntuacións. Esta listaxe terá como finalidade o establecemento nun primeiro momento dunha listaxe de “reservas”, ata a formalización dos TRES contratos de traballo, e posteriormente para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo unha vez realizadas as contratacións.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a listaxe definitiva do/s seleccionado/s inicialmente, que deberá/n someterse e superar un exame médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo, **o resultado deste será apto ou non apto.**

Nesta resolución se establecerá ademais unha listaxe de “reservas” que, como xa se dixo, se corresponderá cos candidatos/as que superen inicialmente o proceso selectivo pero que non acaden as TRES maiores puntuacións.

A citada Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

Se o/s seleccionado/s inicialmente non supera/n o exame médico quedará/n excluído/s do procedemento. Neste caso, se requirirá ao/s correspondente/s “reserva/s” para que se someta/n ao citado exame médico que tamén deberá superar.

Unha vez realizadas as contratacións cando un dos/das aspirantes incluídos na listaxe de “reservas” fose chamado para ocupar un posto/praza, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

10ª.- CONTRATACIÓN

Por Resolución da Alcaldía que será publicada nos taboleiros de anuncios do Concello requirirase o/a/s aspirante/s que teña/n superado o exame médico para que dentro do prazo máximo de **2 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación proceda/n a presentar e/ou exhibir para o seu cotexo a seguinte documentación, agás que xa obre no expediente:

- a.- Documento Nacional de Identidade.
- b.- Tarxeta de demandante de emprego.
- c.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente e de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- d.- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

presentada para tomar parte no proceso selectivo, fará que a persoa seleccionada quede excluída do procedemento e polo tanto non se poderá proceder á súa contratación; todo ilo sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerárase feita a prol do seguinte aspirante que superou inicialmente o proceso selectivo por orde de puntuación, listaxe de “reservas”, que deberá someterse ao exame médico ao que se refire a base 9ª e superalo, requiríndolle, de ser o caso e á vista do resultado, para que no prazo de 2 días hábiles presente a documentación antes referida.

Presentada a documentación, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía procederá, previa resolución, á contratación dos/das aspirantes formalizándose o correspondente contrato laboral, na data que se sinala, para o que será necesario que previamente se comunique o número de afiliación á Seguridade Social e certificado de conta bancaria (no caso de que estes non teñan sido comunicados previamente, dita comunicación deberá facerse no prazo que se sinala por esta Administración).

Mentres non se formalice o contrato e non se produza a incorporación ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Texto Refundido do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

11ª.- NORMAS FINAIS.

1.- Agás a convocatoria, que se fará través de oferta xenérica presentada polo concello de Malpica ao servizo de emprego público de Galicia, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello.

2.- En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto de Traballadores, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

3.- No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non o superar ningún aspirante ou por non presentarse ningún ao proceso ou no caso que non se cubran o número de prazas convocadas, a Alcaldía queda autorizada a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

12ª.- IMPUGNACIÓN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución expresa do mesmo este se poderá entender desestimado.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto nos artigos 13.d) e 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

13ª-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- O tratamento dos datos persoais facilitados se axustará ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, Lei Orgánica 3/2018).

2.- De conformidade co establecido no art. 6.1 c) do Regulamento xeral de protección de datos e o artigo 8.1 da Lei Orgánica 3/2018, o tratamento dos datos persoais queda lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal (normativa de acceso ao emprego público).

Cando sexa preciso publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme ao previsto na disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos serán obxecto de tratamento polo Concello de Malpica de Bergantiños coa finalidade de levar a cabo a



C O N C E L L O
D E
M A L P I C A D E B E R G A N T I Ñ O S
(A C O R U Ñ A)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, o desenvolvemento do proceso selectivo, sendo, pois, o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

3.- Os titulares dos datos poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, limitación, supresión, portabilidade e oposición nos termos establecidos na normativa vixente.

CVD: BFlHaBDgf3SIyLoVDkxE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.malpicadebergantinos.es/>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO I

Modelo declaración xurada (sólo para os 3 candidatos/as seleccionados/as)

D/Dona _____ (nome e apelidos) con
D.N.I. nº _____, e con domicilio a efectos de notificación en
_____, tendo interese en ser admitido no
procedemento de selección/contratación convocado polo Concello de Malpica de
Bergantiños para a provisión de **3 postos de peóns forestais** (Galicia Suma Talento:
Rural Activo 2026) en réxime laboral temporal, **pola presente formulo declaración
xurada de:**

- non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre da materia.

O que asino en _____ a ____ de _____ de 2026

(O interesado)

AO ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS”

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente
O alcalde,

Asdo: Eduardo José Parga Veiga